

COMUNICACIÓNS

COVID-19

CURSO 2020-21

IES ILLA DE SARÓN

XOVE



O equipo COVID do IES Illa de Sarón declara que tratará de velar porque se cumpran en todo momento as medidas necesarias de protección e contención, pero non pode responsabilizarse das persoas que incumpran esas medidas.

O incumprimento das medidas de protección e contención suporá unha falta nas normas de convivencia do centro.

AUTOENQUISA

Toda persoa que acuda ó centro educativo (alumnado, profesorado, persoal non docente ou outras persoas) deberá realizar unha autoenquisa diaria analizando se mostra síntomas compatibles coa infección por SARS-COV-2 como se describe no **anexo I**. Ante a aparición de síntomas non se acudirá ó centro educativo. Contactarase co centro de saúde para seguir as instrucións que indiquen e co equipo COVID mediante correo electrónico.

CANLE DE COMUNICACIÓN

Calquera persoa, tanto sexa alumno, alumna, docente, persoal non docente **ou familiar** dalgunha destas persoas, utilizará o correo ***ies.illadesaron.xove@edu.xunta.es*** para dar a coñecer ao equipo COVID-19 **todos** os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias e as incidencias. O **asunto do correo** será ***saron.covid*** para que esta información chegue ó equipo COVID o máis rápido posible.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Recordar que as familias do alumnado menor de idade deberá asinar unha declaración na que se comprometen a non enviar ós seus fillos en caso de ter sintomatoloxía compatible coa COVID-19. Unha declaración similar tamén a firmarán todos os traballadores e o alumnado maior de idade.

Se vostede non firmou esta declaración pode pasar polo centro para facelo.



Anexo I

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus COVID-19.

De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde, contacte co equipo COVID-19 e non acuda ó centro educativo ata que lle confirmen que é seguro.

Nas últimas dúas semanas	Non	Si	En caso positivo, indicar cando comezou e si se manteñen.
Febre maior de 37,5 ° C			
Tose seca			
Dificultade respiratoria			
Fatiga severa			
Dor muscular			
Falta de olfacto			
Falta de gusto			
Diarrea			

Nas últimas dúas semanas	Non	Si	En caso positivo, indicar cando foi.
Tivo CONTACTO cunha persoa confirmada positiva en COVID-19			
CONVIVIU cunha persoa confirmada positiva en COVID-19			
Tivo CONTACTO cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19			
CONVIVIU cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19			